

- Herminio:** Q' fas aí, ho!
- Antonio:** Fagho, fagho...!
- Herminio:** E que tas facendo?
- Antonio:** Pois tou cazando piollos.
- Herminio:** E pa que?
- Antonio:** Pa facer un plato de callos, pra comelos entre todos. [Risas]
- Mini:** *Esto cantábase nas tascas, non?*
- Alsira:** Si. E despois facíanse as preghuntas.
- Mini:** *I esto..., o canto este é..., polo liño, non? É dicir, o que usted..., o que cantaban antes, é por..., o liño é o que está na fragha, non?*
- Alsira:** Si.
- Mini:** *Entonces, todas esas..., era o demo quen estaba cortando cunha machada, no? Entendín ben... E..., despois desto que viña? Cando viña o lorcho?*
- Herminio:** Eso viña despois do lorcho.
- Mini:** *Esto cantábase...*
- Herminio:** ...Eso facíase nos xoghos das tascas. Entonces... entonces dous...
- Antonio:** ...Os xoghos. Aparexaban...
- Mini:** *Un solo, un solo.*
- Herminio:** Facíanse os xogos das tascas. Entonces dous metíanse debaixo dunha manta; pa descurrir..., porque taba..., taban en parexas todo arredor da corte sentados en mesas: un mozo cunha moza, outro mozo cunha moza, outro mozo cunha moza, outro mozo cunha moza, así todos...
- Mini:** *Cada un coa que lle cadraba, ou...?*
- Herminio:** Si, coa que lle cadraba, eso, o sea que... Podía ser de que tuveras... tu aquí a moza, pero era o mesmo..., unha muller..., cunha muller.
- Antonio:** Iso que despois había cando decían: atrapa marido e había que cambiar.
- Herminio:** Entonces..., entones claro, cantábase. *Eu vou ve-la miña fragha / se está verde ou ben plantada / se está verde reghareina*, e..., en parexas, unha con un, cantaba coma os Reyes, un home e máis unha muller dun lado, e outro home a máis outra muller do outro. E ao dicir un pé, entones, dicíasele ao das mantas: "–Que fas aí, ho?" "–Fagho, fagho..." "–E que tas facendo?" O que sea, entones..., botábanlle a copla á parexa. A que estaba debaixo da manta, por...
- Mini:** *E botábanlle a copla á parexa...*
- Antonio:** Á parexa. A tódalas [... reservaba ??] a súa.
- Herminio:** Entones, cantaban os outros, e así..., encaixaban, non? si eran ben listos, encaixaban...
- Alsira:** E logho, que non facemo-lo lorcho aghora entre todos e se leva esto sabido?
- Antonio:** Foi unha cousa que nunca fun ao lorcho, nunca me ghustou ... eu non quería que ninguén...
- Mini:** *Carai...*

Antonio: Alghúns salían morenos. Unha vez acolá, na casa de Vigho en Brates os de Sant' Estevo [...], foi bravísimo eh!, e petaron duro, eh!, petaron duro. Un deses Carnotas [*familia da parroquia de Brates*] arrimara cos de Añá [*parroquia veciña*], era lorcheiro. Metérase no medio de meu irmao Ramón e máis de [...???] E cando cheghaban a eles, botaban..., botaban un pedazo eh!, botaban un pedazo. O Carnota era un lorcheiro que nin Dios.

Mini: *Unha pregunta máis... Os que estaban debaixo da manta, escollíanse? Ou..., é dicir, quen se poñía debaixo da manta?*

Herminio: Escollíanse dous que viran que foran ben..., (*que fixeran ben as coplas*) [...] [*barullo*]
Eu son cal, falo con unha que se chamase [...], entonces...

Antonio: Com' aghora... com' aghora, coma se te digho... “–Q' fas aí? Fagho, fagho. –E que estás facendo? –Unha cama de pau. –E pa quen? Pa deitarse aí Alsira e mais Herminio de Cao”.

Herminio: E despois, a outra... (*Alsira*): Si, si. Eran así.

Mini: *E os que preguntaban, eran os que estaban debaixo da manta...?*

Herminio: Non..., preguntábanlles a eles, e eles eran os que...

Mini: *Eles eran os que discurrían...*

Antonio: O que facía os xoghos, o que facía os xoghos, cantaba unha máis secundada na do outro [neso cantar...??] E despois do cura, que era...

Herminio: O que facía os xoghos, o que facía os xoghos, que...

Antonio: Era que... preguntaba.

Mini: *Bueno, vamos a ver... hai outra... eu oín, non por aquí..., pola parte de Olas, oín falar tamén de que... neste..., era neste tamén..., que se facía..., salía o cura, e facía que se iban casar, decía as municións.*

Antonio: Ai, si! Eu...

Mini: *Eu oína...*

(*fín do corte*)

Nota do compilador:

Este xogo facíase despois do lorcho. O xogo do lorcho era un xogo viril que se facía cunha corda a xeito de látigo e pasábase entre os xogadores que se sentaban nunha mesa (banco corrido). O lorcho, que é esa corda enrolada, pasaba de man en man por debaixo de xeito que non se sabía onde ía. Un berraba «Lorcho!», e o que o tiña empezaba a xostregazos co outro. Este era un dos xogos que se facían nas tascas do liño. Todos estes xogos eran dirixidos por un vello enxeñoso que era quen os discurría. Moitos destes xogos eran transgresores sobre todo da moralidade sexual e da Igrexa. A mesma melodía que cantaban todos é unha imitación dos cantos gregorianos de defuntos que se facían en latín. Non tiñan boa fama as tascas por seren precisamente transgresoras, había tocamentos, arremedos de casamentos... É moi curioso pero cando cantamos esta canción en público a algúns vellos ilumínaselles a cara.

